



bugalicia

# Memoria de xestión 2005

consorcio de bibliotecas universitarias de galicia

## MEMBROS DO CONSORCIO DE BIBLIOTECAS UNIVERSITARIAS DE GALICIA



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN  
E INDUSTRIA  
Dirección Xeral de Investigación,  
Desenvolvemento e Innovación



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA  
Dirección Xeral de  
Ordenación e Calidade do  
Sistema Universitario de Galicia



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE CULTURA  
E DEPORTE  
Dirección Xeral de Creación  
e Difusión Cultural



**XUNTA DE GALICIA**  
PRESIDENCIA  
Secretaría Xeral de Comunicación  
Dirección Xeral de  
Comunicación Audiovisual

## ÍNDICE DE CONTIDOS

1. INTRODUCCIÓN .....	4
2. ORZAMENTOS .....	5
3. PERSOAL .....	10
4. INFRAESTRUCTURAS E TECNOLOXÍA .....	11
5. PROCESOS TÉCNICOS.....	12
6. RECURSOS DE INFORMACIÓN.....	13
7. ESTUDOS DE BUGALICIA .....	18
Anexo 1: ESTUDO DOS USUARIOS POTENCIAIS DE BUGALICIA VERSUS RECURSOS ELECTRÓNICOS .....	20
Anexo 2: ESTUDO DE USO DAS BASES DE DATOS REFERENCIAIS.....	27
Anexo 3: ESTADÍSTICAS DE USO DOS LIBROS ELECTRÓNICOS .....	37
Anexo 4: ESTUDO DE USO DAS COLECCIÓN DE REVISTAS ELECTRÓNICAS POR PAQUETES ..	38
Anexo 5: ESTUDO PORMENORIZADO DO USO DAS REVISTAS E- DE BUGALICIA.....	43
CONSIDERACIÓNS PREVIAS .....	43
ESTUDO DE CONXUNTO DO USO DE BUGALICIA .....	46
ESTUDO INDIVIDUALIZADO DO USO DE CADA UNIVERSIDADE.....	60
1. Budc.....	60
2. Busc.....	66
3. Buvi.....	72
Anexo 6: DISTRIBUCIÓN POR ÁREAS DE COÑECEMENTO DAS REVISTAS ELECTRÓNICAS.....	78
DISTRIBUCIÓN POR ÁREAS DE COÑECEMENTO ANEP.....	78
DISTRIBUCIÓN POR ÁREAS ANECA .....	84
Anexo 7: LISTADOS DOS TÍTULOS QUE APORTAN O 80% DAS DESCARGAS DOS PAQUETES DE BUGALICIA .....	88
Anexo 8: Informe sobre ENCOMPASS: IMPLEMENTACIÓN DUN GRAN PORTAL QUE INTEGRE E XESTIONE TÓDOS OS RECURSOS ELECTRÓNICOS CONTRATADOS.....	104
Anexo 9: DISTRIBUCIÓN DOS USUARIOS POTENCIAIS DE BUGALICIA POR DEPARTAMENTOS E ÁREAS ANECA .....	107

## 1. INTRODUCCIÓN

As actividades máis salientables do **Consortio de Bibliotecas Universitarias de Galicia** durante o ano 2005, podemos englobalas nas seguintes liñas de actuación:

- Continuación da aposta polo acceso ao texto completo iniciada no 2004 coa adquisición de dous novos paquetes de revistas, ACS e Blackwell, e a mellora da colección de bases de datos coa adquisición de tres novos produtos: Lion, Tirant Online e Cinahl.
- Continuación da realización de estudos sobre as coleccións de BUGalicia e sobre o uso que se está a facer das mesmas, co obxectivo de coñecer tanto a súa cobertura informativa como o uso que se está a facer desde as diferentes institucións membros do Consorcio. En definitiva, tratar de coñecer o grao de adecuación das coleccións aos intereses dos usuarios do SUG e a rendibilidade que se está a obter dos importantes investimentos realizados por BUGalicia. Pensamos que unha apropiada recolección e sistematización dos datos subministraranos información necesaria para unha adecuada toma de decisións nos diferentes niveis de xestión do Consorcio.
- Adquisición dun xestor de recursos de información co obxectivo de facilitar e mellorar o acceso á información contida tanto nos recursos de BUGalicia como nos recursos propios de cada Biblioteca Universitaria. Trátase en definitiva da implementación dun portal que integra a xestión da práctica totalidade dos recursos contratados, conseguindo axilizar e optimizar as buscas de información.
- Extensión do ámbito de actuación de BUGalicia colaborando cos Centros Tecnolóxicos de Galicia na catalogación dos seus fondos bibliográficos; inicio dos contactos cos Centros de Investigación dependentes da Xunta de Galicia para un acordo de extensión do acceso aos recursos electrónicos de BUGalicia; e inicio dos contactos co SERGAS de cara ao establecemento dun acordo que permita tanto aumentar a colección de recursos como extraer unha meirande rendibilidade de uso de recursos de información de interese mutuo.

Finalmente sinalar que este ano producíronse cambios tanto na Presidencia como na Dirección Técnica de BUGalicia. D. Salustiano Mato de la Iglesia, Vicerreitor da UVI e Presidente do Consorcio deixou este cargo no mes de xullo, por pasar a ocupar a Dirección Xeral de Investigación, Desenvolvemento e Innovación da Consellaría de Industria e Innovación da Xunta de Galicia, sendo substituído por D<sup>a</sup> Concepción Herrero López, Vicerreitora de Investigación da UDC. D<sup>a</sup> Victoria Millor Rego deixou o cargo de Directora Técnica do Consorcio no mes de setembro por pasar a ocupar o cargo de Xefa de Gabinete da Consellaría de Educación e Ordenación Universitaria sendo substituída por D. Xosé A. Regos Varela. A ambos desexamos os mellores éxitos nos seus novos destinos e queremos deixar constancia expresa do seu bo facer, así como do seu esforzo e adicación a prol da consolidación do Consorcio. Manter o seu nivel de resultados é un reto para os que temos a satisfacción e a responsabilidade de continuar o seu labor.

## 2. ORZAMENTOS

O orzamento de Bugalicia para o ano 2005, aprobado polo Consello de Goberno con data vintedous de decembro de 2004, ascendeu a **1.875.122,74 €**. Este orzamento inicial vese incrementado ó longo do 2005 da seguinte maneira:

- Na reunión do Consello de Goberno con data dezaseis de decembro de 2005 apróbase a incorporación do remanente do ano 2004 de **438.350,61 €** que se distribúe da seguinte maneira:

<b>Total remanente 2004</b>	<b>438.350,61 €</b>
A Gastos correntes do 2005	130.870,57 €
A Inversións do 2005	307.480,04 €

- Ao orzamento final hai que sumarlle **68,48 €** como diferenza positiva entre a cantidade inicialmente orzada para o Convenio de Colaboración entre Bugalicia e a Universidade de Vigo para o mantemento do software INNOPAC e a cantidade finalmente ingresada pola Universidade.


Deste xeito o orzamento real finalmente establecido para o ano 2005 unha vez incorporadas estas modificacións foi de **2.313.541,83 €**

## EXECUCIÓN

### Ingresos:

Os ingresos de BUGalicia proveñen das aportacións que fan os seus membros segundo o establecido no convenio de creación do consorcio nas cantidades que se expresan a continuación:

INSTITUCIÓN	IMPORTE TOTAL	PORCENTAXE
DX. I+D+i	1.201.952,08 €	65,37%
D.X UNIVERSIDADES	257.659,90 €	14,01%
UDC	103.619,50 €	5,64%
USC	103.619,50 €	5,64%
UVI	103.619,50 €	5,64%
DX COMUNIC SOC E AUDIOV	68.326,06 €	3,72%
Total aportacións	1.838.796,54 €	100,00%





**Gastos:**

A cifra de gastos inicialmente orzamentada foi de **2.313.473,35 €** (orzamento inicial + remanente do 2004) quedando distribuído da seguinte maneira:

Gastos correntes e de mantemento: a cantidade orzada foi de **1.987.993,31 €** e a cifra de gastos reais de **1.667.740,03 €**, polo que resulta un saldo positivo de 320.253,28 €.

Investimento: a cantidade orzamentada foi de **325.480,04 €** e a cifra que quedou finalmente comprometida foi de **209.600,02 €**, polo que se extrae tamén un saldo positivo de 115.880,02 €.

A porcentaxe da distribución do gasto exprésase nas seguintes gráficas:



A liquidación final do orzamentado foi a que segue:

	ORZAMENTADO	REAL
INGRESOS	2.313.473,35 €	2.313.541,83 €
GASTOS	2.313.473,35 €	1.877.340,05 €
<b>DIFERENZA POSITIVA</b>		<b>436.201,78 €</b>

### COMPROMISOS DE GASTO CON CARGO A ORZAMENTOS DE EJERCICIOS POSTERIORES

Aparte dos compromisos de gasto de carácter plurianual que foran subscritos no ano 2004 con varios editores de revistas electrónicas: Elsevier, Kluwer, Springer, Wiley e JSTOR, acordouse outro contrato de 3 anos de duración (2005-2007) con ACS, para a subscrición da súa colección completa de revistas electrónicas.

En maio de 2005 asinouse coa empresa Endeavor Information Systems un contrato de subministro para a adquisición do software do metabuscador ENCompass.

Este contrato consistía nunha licenza para a adquisición de varios produtos de software informático. Pero, despois de asinar o contrato e antes de comezar a implementación, a empresa Endeavor cambiou o produto por outro máis evolucionado, e substancialmente diferente en prestacións, custe de adquisición e tipo de contrato (subscrición anual en lugar de compra). Por todos estes cambios alleos ó Consorcio, no momento de cerrar esta memoria, estase renegociando o contrato coa empresa Endeavor.

De acordo coa opinión do asesor contable do Consorcio e dado que existe un contrato e as facturas do custo, e como non se chegou a realizar o pago das mesmas, independentemente da resolución final que se adopte queda rexistrada contablemente a existencia das obrigas de pago xeradas con cargo á conta "Inmovilizado en curso".



## CONVENIOS



Ao longo deste ano 2005 subscribíronse tres convenios de colaboración entre o Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia e cada unha das tres Universidades galegas para a xestión da contratación conxunta de revistas científicas electrónicas.

O importe, que en virtude destes tres convenios, transferiron as Universidades ó Consorcio non aparece reflectido no orzamento de ingresos do Consorcio para o 2005 debido a que estes convenios se asinaron en datas xa avanzadas do ano. O importe dos convenios é o que segue:

- *BUGalicia-UDC*:  
Importe do Convenio: 472.390,88 €
- *BUGalicia-USC*:  
Importe do Convenio 1.126.464,18 €
- *BUGalicia-UVI*:  
Importe do Convenio: 393.867 €

Desta maneira o investido en recursos electrónicos no 2005, xestionado a través do Consorcio, sofre unha elevación moi considerable, quedando como segue:

Gasto en recursos de Bugalicia		Gasto de Bugalicia + Convenios Universidades	
Bases de datos	704.113,68 €	Bases de datos	704.113,68 €
Revistas	719.565,31 €	Revistas	2.524.421,84 €
Libros	18.971,36 €	Libros	18.971,36 €
Total	1.442.650,35 €	Total	3.247.506,88 €



### 3. PERSOAL

O actual cadro de persoal do Consorcio está composto por:

- 1 Director Técnico
- 1 Bibliotecario do Sistema
- 1 Analista Programador
- 1 Administrativo

Ademais durante o ano 2005, continuaron prestando servizos no Consorcio dúas persoas subvencionadas polo Plan Labora, unha licenciada en Documentación e outra en Informática. A súa contribución foi imprescindible para o normal funcionamento de BUGalicia.

Con data 1 de outubro, pasa a ocupar, en comisión de servizos, o posto de Director Técnico do Consorcio, D. Xosé A. Regos Varela, en substitución de Dna. Victoria Millor Rego, que solicitou a excedencia forzosa por nomeamento para cargo público.

A Dirección quere deixar constancia nesta memoria da dedicación e entrega profesional que mostraron todas as persoas que compoñen a plantilla de BUGalicia

### Formación

Ao longo do ano o persoal do Consorcio realizou os seguintes cursos de formación e asistencia a xornadas:

- *"Guía para el desarrollo de un catálogo de producción científica y la elaboración de un anuario de indicadores científicos en Galicia"*
- *"Especialista en Office"*
- *"Microsoft Certified Solution Developer (MCSD) for Microsoft .NET certification"*
- *"Administrador de Sistemas Linux".*
- *"Advanced System Access and Administration Workshop"*
- *FESABID "I Jornadas Españolas de Indicadores para la Evaluación de la Ciencia y la Tecnología."*
- *"ENCompass for Resource Access Application Training "*
- *"Jornadas de accesibilidad web"*

## 4. INFRAESTRUCTURAS E TECNOLOXÍA

Neste apartado destaca a decisión tomada coa empresa Endeavor Information Systems de compra dunha licenza dos módulos de software do metabuscador ENCompass e do xestor de enlaces LinkFinder Plus para a implementación dun gran portal que integre e xestione todos os recursos electrónicos contratados por BUGalicia e as universidades. Ver información máis detallada no Anexo 8.

Durante o ano foi preciso ampliar e reemprazar algúns equipos e outro material informático destinado ao persoal: un ordenador, dúas cpus, un monitor e unha impresora. En canto a software renovouse a licenza do software de antivirus.

Con respecto ao software de xestión bibliotecaria o Consorcio continuou apoiando tecnicamente á explotación do sistema Millennium na Universidade de Vigo e Santiago de Compostela. No caso da Universidade da Coruña, continuouse coa axuda na implementación do sistema Millennium Silver, que se calcula poida estar operativo a finais do curso 2005-2006.

Relacionado tamén coa explotación do software de Innopac, o persoal do Consorcio impartiu un curso de formación especializada sobre *Táboas de carga e Administración Avanzada do Sistema Millennium* para o persoal administrador do Sistema Millennium das tres Universidades.

Ademais, o persoal do Consorcio ten a tarefa de actualización do ficheiro de traducións ao galego de Millennium, común aos opacs das tres universidades galegas.

### Web

A finais de ano iniciouse o proceso de análise e estudo dos requirimentos necesarios para a adaptación da web do Consorcio á normativa vixente sobre a accesibilidade web nos organismos públicos.

Para isto, o persoal técnico do Consorcio asistiu a unhas xornadas formativas impartidas pola Universidade de Santiago de Compostela e a Consellería de Innovación e Industria da Xunta de Galicia: "Jornadas de accesibilidad web", e no momento da redacción da memoria estase no proceso de adaptación da web ás esixencias da Lei 34/2002, de 11 de xullo, *Ley de servicios de la sociedad de la información y de comercio electrónico*.

## 5. PROCESOS TÉCNICOS

### **Catálogo dos recursos electrónicos de BUGalicia:**

Catalogáronse ás revistas electrónicas contratadas no ano 2004.

### **Catálogo dos fondos dos centros da Rede de Centros Tecnolóxicos de Galicia:**

Bugalicia puxo en marcha no ano 2004 un proxecto de creación dun catálogo colectivo cos fondos dos Centros Tecnolóxicos galegos, en cooperación co Centro de Supercomputación de Galicia.

Os Centros que participarían neste proxecto son os que seguen: Centro de Supercomputación de Galicia, Centro de Innovación y Servicios, Centro de Innovación y Servicios tecnológicos de la madera, Centro Tecnológico Armando Priegue, Centro Tecnológico de Automoción de Galicia, Centro Tecnológico de Acuicultura, Centro Tecnológico del mar, Centro Tecnológico Nacional de Conservación de productos de pesca, Instituto de Cerámica, Instituto de electrónica aplicada Pedro Barrié de la Maza, Dirección Xeral de Investigación e Desenvolvemento.

A primeira parte do proxecto baseouse na creación dunha base de datos que albergaría, ademais de outras coleccións do Consorcio, os rexistros dos Centros Tecnolóxicos. Realizouse a creación do perfil da base de datos tendo en conta os campos e índices necesarios para a recuperación de datos de ditos rexistros.

A segunda etapa deste proxecto foi a formación aos centros na aplicación "Guicat" ou Estación de Catalogación, integrada no sistema de xestión bibliotecaria Millennium.

A terceira fase deste proxecto é a consolidación deste catálogo colectivo, que trae consigo a avaliación dos rexistros que se incorporan ao catálogo. Neste momento son 7 os centros que estiveron traballando na base de datos e que xa teñen parte do seu fondo incluída no catálogo, a suma total do contido é de 1.445 rexistros bibliográficos e 1.648 rexistros de exemplar:

Ao longo do ano 2005 adicóuselle escaso tempo a este proxecto xa que a meirande parte dos Centros xa remataron coa introdución de rexistros polo momento e desta maneira o mantemento e correccións do catálogo é menor e quedaría pendente a incorporación de fondos de seriadas ó catálogo e a súa correspondente formación.

### **Catálogo da produción científica galega:**

BUGalicia levou a cabo a creación dunha base de datos bibliográfica que alberga a produción científica realizada por autores de organismos, institucións públicas e privadas de Galicia, incluída nas bases de datos WoS, dende 1990 ata a o 2005.

Este catálogo conta con máis de 20.000 artigos, extraídos da base de datos Web of

Science. Para a extracción dos rexistros da base de datos ISI e o posterior tratamento da información emprendeuse o desenvolvemento dunha aplicación que posibilitase, por unha banda, a importación dos rexistros de ISI a unha base de datos externa co fin de acadar estudos estatísticos da produción científica e, por outra, a exportación dos rexistros en formato MARC para a actualización deste catálogo de produción científica.

Ademais o catálogo permite enlazar co texto completo dos artigos publicados en revistas electrónicas subscritas polo Consorcio, así como obter información sobre o factor de impacto das publicacións fonte incluídas no JCR.

Relacionado con este catálogo e como resultado do convenio de colaboración subscrito co Departamento de Biblioteconomía de Documentación de Universidade de Granada para a elaboración dun informe de indicadores científicos de Galicia, no mes de xuño presentouse no Centro de Supercomputación de Galicia, o libro "*Indicadores científicos de Galicia: ISI, Web of Science, 1990-2003*", que contou coa asistencia do Reitor da Universidade da Coruña, os Virreitores de Investigación das Universidades de Santiago e Vigo, o Director Xeral de I+D, Pedro Merino, e o autor do mesmo o catedrático da Universidade de Granada D. Félix de Moya Anegón.

BUGalicia participou neste traballo colaborando na normalización das denominacións das institucións dos autores, é dicir, na normalización das autoridades dos organismos produtores.

## 6. RECURSOS DE INFORMACIÓN

*Os Consorcios son unha forma de cooperación claramente asociada á compra de recursos de información electrónica, instrumentos que permiten manexar o novo paradigma da información dixital e así estender os beneficios a usuarios que nunca houberan tido acceso á mesma ou, polo menos, non coa extensión da que gozan na actualidade.*

*Entre os beneficios da compra consorciada poderíamos destacar o equilibrio territorial e igualdade de condicións con respecto ó acceso a información científica, e a mellora das condicións económicas para o acceso á información. Con un pouco mais de gasto conséguese o acceso a moita máis información. As compras consorciadas non supoñen gastar menos, mais si obter máis e en mellores condicións. (texto extraído da Proposta para a creación da futura BECYT, Biblioteca Electrónica de Ciencia y Tecnología, subvencionada pola FECYT, maio, 2006).*

No 2005, podemos xa dicir que unha boa parte das revistas máis prestixiosas do eido científico a nivel mundial son ofertadas por BUGalicia. Así os usuarios do SUG puideron acceder a coleccións publicadas por editoriais de referencia mundial como Elsevier, IEE, Kluwer, Springer, Wiley, ACS ou Blackwell, ademais de revistas imprescindibles para os investigadores como Nature e Science.

En termos cuantitativos, a colección de recursos electrónicos contratada no 2005 conxuntamente polas tres universidades galegas a través de BUGalicia, foi a que segue:

RECURSOS ELECTRÓNICOS	Nº títulos	Totais
Paquetes de revistas a texto completo*	4.247	
Revistas a texto completo en bbdd**	9.065	13.312
Estándares e actas de congresos	8.902	
Libros electrónicos	102	9.004
Bases de datos	32	32

\*Revistas en curso

\*\*Revistas con embargo

PAQUETES DE REVISTAS A TEXTO COMPLETO	Nº títulos
Elsevier	1.757
IEEE*	220
Jstor	478
Nature	1
Science	1
Springer	533
kluwer	153
Wiley	404
Acs	32
Blackwell	668
REVISTAS A TEXTO COMPLETO EN BBDD	Nº títulos
Bsp	8.380
Pci	456
Iustel	7
Lion	153
Cinalh	69
ESTÁNDARES E ACTAS DE CONGRESOS	Nº títulos
Estándares	1.609
Actas de congresos	7.293
LIBROS ELECTRÓNICOS	Nº títulos
Safari	102

Das 32 bases de datos, cinco delas tamén inclúen o acceso a revistas a texto completo, producíndose un pequeno solapamento de títulos entre algunhas delas e os paquetes de revistas, como se mostra no seguinte cadro:

SOLAPAMENTO ENTRE REVISTAS EN BBDD E PAQUETES DE REVISTAS									
	Elsevier	IEEE	Jstor	Nature	Science	Springer/kluwer	Wiley	Acs	Blackwell
Bsp	13	4	27			19	5		108
Pci	5		46			9	3		6

No caso dos títulos solapados incluídos nas bases de datos debemos aclarar que se trata dun solapamento parcial, xa que os anos de cobertura non son coincidentes na súa totalidade por tratarse, por unha banda, de revistas con embargo, no caso das revistas incluídas nas bases de datos é, de revistas en curso, no caso dos paquetes de revistas.

Existe, tamén, un mínimo solapamento de títulos entre os paquetes de revistas. Nalgúns casos dáse un solapamento de cobertura do contido dalgúns anos debido á transferencia deses títulos a outro editor contratado polo Consorcio. O acceso ós títulos transferidos, na maior parte dos casos, permanece ata a fin do contrato, polo que existe acceso a eses títulos en dúas plataformas, no editor de orixe, con acceso ata o momento de ser transferido e, no editor de destino, con cobertura inicial pactada e cobertura fina aberta.

<b>SOLAPAMENTO ENTRE PAQUETES DE REVISTAS</b>			
	<b>Springer/kluwer</b>	<b>Wiley</b>	<b>Blackwell</b>
<b>Elsevier</b>			1
<b>Ieee</b>			
<b>Jstor</b>	2	1	35
<b>Nature</b>			
<b>Science</b>			
<b>Springer/kluwer</b>			
<b>Wiley</b>			
<b>Acs</b>			
<b>Blackwell</b>	3	2	



### **Evolución do gasto en recursos electrónicos**

Na financiación da compra de recursos electrónicos contratados a través de Bugalicia xogan un papel fundamental as aportacións realizadas pola Dirección Xeral de Investigación, Desenvolvemento e Innovación, seguida en importancia pola Dirección Xeral de Ordenación e Calidade do Sistema Universitario de Galicia, e as tres Universidades. A compra das bases de datos e libros electrónicos correu integramente a cargo do orzamento de BUGalicia, mentres que, no caso das revistas existen diferentes modalidades, nuns casos faise cargo do pago enteiramente o Consorcio e noutros casos estableceuse un sistema de co-pago con diferente porcentaxe segundo a plataforma.

A continuación amosamos a evolución do gasto de BUGalicia dende o 2002 ata 2005. A seguinte táboa divide o investimento asignado en recursos en 4 apartados diferentes: bases de datos, libros electrónicos, revistas electrónicas e o total investido por Bugalicia.

	<b>2005</b>		<b>2004</b>		<b>2003</b>		<b>2002</b>	
	Nº recursos	Custo	Nº recursos	Custo	Nº recursos	Custo	Nº recursos	Custo
Bases de datos	32	704.113,68 €	34	737.562,39 €	50	1.304.199,58 €	50	1.654.205,00 €
Libros electrónicos	102	18.971,36 €	102	21.898,46 €	102	18.668,61 €	0	0
Revistas electrónicas: investimento BUG	4247	719.565,31 €	3721	581.710,21 €	0	2.186,85 €	0	0
BUGalicia: total do investimento en recursos		1.442.650,35 €		1.341.171,06 €		1.325.055,04 €		1.654.205,00 €

As gráficas seguintes expresan a evolución dos gastos feitos por BUGalicia na contratación de bbdd e revistas e-:



\*O aumento do gasto de 2004 a 2005 explícase pola adquisición dos paquetes de Blackwell e ACS, e polo pago da Freedom Collection de Elsevier (que por acordo na contratación no 2004 tivo custo 0, no 2005 foi de 81.250,99 € e no 2006 será de 160.642,00 €).

\*O número de títulos non inclúen os 1.609 estándares y 7.293 actas de congresos incluídos no custo do paquete de IEEE.

\*Os títulos contabilizados nestas gráficas corresponden ás coleccións de revistas subscritas, non se inclúen os títulos a texto completo comprendidos nas bases de datos citadas anteriormente.

\*No ano 2003 non houbo investimento en revista electrónicas, a excepción dunha entrega de 2.186,85 € para Wiley como sinal para entrar no Consorcio español no ano 2004.




Na seguinte táboa de evolución do gasto dende 2004 (primeiro ano de subscrición de revistas e-) ata 2005 móstranse os seguintes datos: o investimento das Universidades en revistas electrónicas, o investimento de BUGalicia en revistas electrónicas, a suma do investimento de BUGalicia e das Universidades, así como a porcentaxe que BUGalicia e as Universidades invisten neste tipo de recursos (gráfica seguinte).


	2005		2004	
	Nº títulos	Custo	Nº títulos	Custo
Revistas electrónicas: investimento das Universidades	4247	2.258.370,59 €	3721	2.084.591,93 €
Revistas electrónicas: investimento BUG	4247	719.565,31 €	3721	581.710,21 €
Revistas electrónicas: investimento BUG + Universidades	4247	2.977.935,90 €	3721	2.666.302,14 €
% do gasto total investido en revistas por Universidades		75,84%		78,18%
% do gasto total investido en revistas por Bugalicia		24,16%		21,82%

\*Alguns prezos non son exactos, aínda que si moi aproximados, por descoñecer a cifra final de pago dalgúns paquetes realizada directamente polas universidades, e no que inflúen aspectos como o cambio de divisas, etc. De todas formas a diferenza final coa cantidade considerada no estudo carece de relevancia a efectos das conclusións do estudo.

\*BUGalicia xestiona a contratación de parte do investimento das Universidades a través da sinatura de varios convenios para á xestión da contratación conxunta de revistas científicas electrónicas. Os editores e Universidades incluídas nestes convenios son os que seguen: Elsevier: BUDC, BUSC, BUVI; ACS: BUDC, BUSC, BUVI; Springer: BUSC, BUVI; Wiley: BUDC, BUSC; Kluwer: BUSC.



A continuación amosamos o investimento total, resultado da suma do investido por BUGalicia en recursos electrónicos dende 2002 ata 2005, incluíndo bases de datos, revistas e libros electrónicos.



Ata o ano 2004 non se fixo contratación de revistas electrónicas. A estabilidade na evolución do investimento en recursos electrónicos débese á cancelación de bases de datos e ao desprazamento dese investimento para revistas electrónicas.

## 7. ESTUDOS DE BUGALICIA

Para axudar á toma de decisións na xestión das diferentes actividades de BUGalicia, sexa en aspectos como a avaliación do rendemento dos recursos contratados, sexa coñecer a adecuación dos mesmos aos intereses dos investigadores do SUG, avaliar as propostas económicas de adquisición de novos produtos ou de renovación dos contratados, ou sexa para poder utilizar criterios obxectivos na negociación cos provedores, consideramos necesario ter un coñecemento o máis aproximado posible do universo de intereses e da tipoloxía de usuarios aos que debemos dar resposta positiva desde BUGalicia.

Para elo presentamos unha serie de estudos, uns máis detallados ca outros, que incluímos como anexos a esta memoria. Estudos que analizan, por un lado, a cantidade e a distribución por áreas de coñecemento dos recursos e- actualmente contratados por BUGalicia postos en correlación co número de usuarios potenciais de cada unha das áreas, e por outro lado, estudos que inciden fundamentalmente na análise do uso que se fai dos recursos de información tanto desde o conxunto do Sistema Universitario Galego como desde cada unha das universidades, e que en última instancia perseguen coñecer o nivel de rendibilidade dos investimentos que se realizan a nivel consorcial. Estudos que consideramos necesario realizar, non só como sistema de autoavaliación das propias

actividades e funcións do Consorcio senón tamén como rendición de contas fronte ás institucións patrocinadoras de BUGalicia.

Consideramos que a utilidade destes estudos irase incrementando a medida que vaiamos reunindo unha serie temporal de datos que nos permitan realizar tanto comparativas de uso como elaborar indicadores para extraer conclusións, á par que observar tendencias consolidadas.

De maneira moi sintética, avanzamos que destes estudos se desprende que hai un importante incremento con respecto aos anos anteriores no uso do conxunto dos recursos e- contratados a través de BUGalicia, sexan bbdd ou sexan revistas e-, e unha moi importante ganancia no acceso á información contida nos paquetes de revistas e- contratados a partir do ano 2004, tanto se consideramos esta ganancia desde a perspectiva de BUGalicia, é dicir do conxunto do SUG, como se a contemplamos desde a perspectiva individual de cada institución universitaria.

Os estudos que incluímos nesta memoria son os seguintes:

- Estudo dos usuarios potenciais de BUGalicia versus recursos electrónicos (Anexo 1)
- Estudo de uso das bases de datos referenciais (Anexo 2)
- Estatísticas de uso dos libros electrónicos (Anexo 3)
- Estudo de uso das coleccións de revistas electrónicas por paquetes (Anexo 4)
- Estudo pormenorizado do uso das revistas electrónicas de BUGalicia (Anexo 5)
- Distribución por áreas de coñecemento das revistas electrónicas de Bugalicia (Anexo 6)
- Listados dos títulos que aportan o 80% das descargas dos paquetes de BUGalicia (Anexo 7)
- ENCompass: Implementación dun gran portal que integre e xestione todos os recursos electrónicos contratados (Anexo 8)
- Distribución dos usuarios potenciais de BUGalicia por departamentos e áreas ANECA (Anexo 9)

# Anexo 1: ESTUDO DOS USUARIOS POTENCIAIS DE BUGALICIA VERSUS RECURSOS ELECTRÓNICOS

## ESTUDO DOS USUARIOS POTENCIAIS DE BUGALICIA

O obxecto deste estudo é poñer en relación aos usuarios potenciais de BUGalicia co uso que estes fan dos recursos. Para elo agrupamos en áreas de coñecemento a todo o PDI e alumnos de 3º ciclo dos departamentos das tres universidades. Para esa agrupación utilizamos as cinco Áreas ANECA (Agencia Nacional de Evaluación de la Calidad y Acreditación):


- Ciencias Experimentais.
- Ciencias da Saúde.
- Ensinanzas Técnicas.
- Ciencias Sociais e Xurídicas.
- Humanidades.

Por tratarse os recursos subscritos por Bugalicia maioritariamente dirixidos á investigación neste estudo contemplamos como usuarios potenciais só ós alumnos de terceiro ciclo, doutorandos, profesores e investigadores. Excluindo ao alumnado de 1º e 2º ciclo, por considerar que a súa inclusión podería desvirtuar as conclusións do estudo.

Os usuarios atópanse asociados (case na súa totalidade) a departamentos e estes, á súa vez foron asignados, para este estudo, ás áreas citadas anteriormente. (A súa distribución detallada pode verse no *Anexo 9 Distribución dos usuarios potenciais de BUGalicia por departamentos e áreas ANECA*)

### 1.- Distribución dos usuarios potenciais de Bugalicia dentro do Sistema Universitario Galego (SUG):


<b>Alumnos 3º Ciclo e PDI do SUG</b>	
UDC	2.104
USC	5.904
UVI	2.969
<b>Total</b>	<b>10.977</b>



A Universidade de Santiago de Compostela é a universidade galega con máis número de alumnos, profesorado e investigadores, sumando máis da metade do total do SUG.

**2.- Distribución dos usuarios das tres universidades por Áreas Aneca.**

Áreas de Coñecemento	Nº de Usuarios do SUG
Ciencias Experimentais	1845
Ensinanzas Técnicas	2248
Ciencias Sociais e Xurídicas	3013
Humanidades	2041
Ciencias da Saúde	1821
Outros	9
<b>Total</b>	<b>10.977</b>




Como se pode observar o sector de usuarios de Ciencias Sociais e Xurídicas é o máis numeroso, cun 27% do total, seguido a certa distancia polos usuarios de Humanidades cun 19%. En xeral non hai grandes desequilibrios dentro do conxunto do SUG.

### 3.- Distribución dos usuarios potencias de Bugalicia por cada universidade.

#### 3.1 Universidade da Coruña.


<b>Alumnos 3º Ciclo e PDI da UDC</b>	
Ciencias Experimentais	256
Ensinanzas Técnicas	805
Ciencias Sociais e Xurídicas	496
Humanidades	267
Ciencias da Saúde	273
Outros	7
<b>Total</b>	<b>2.104</b>



Na UDC destaca a elevada porcentaxe de usuarios de Ensinanzas Técnicas e a baixa representación de usuarios de Ciencias Experimentais, Ciencias da Saúde e Humanidades nunha porcentaxe case paritaria entre as tres áreas.

### 3.2 Universidade de Santiago de Compostela.


<b>Alumnos 3º Ciclo e PDI da USC</b>	
Ciencias Experimentais	1.037
Ensinanzas Técnicas	630
Ciencias Sociais e Xurídicas	1.579
Humanidades	1.295
Ciencias da Saúde	1.361
Outros(Inst Investig Tecnolóxica)	2
<b>Total</b>	<b>5.904</b>



Na USC destaca unha baixa porcentaxe de usuarios de Ensinanzas Técnicas e unha representación bastante equilibrada nas catro áreas restantes.

### 3.3 Universidade de Vigo.

<b>Alumnos 3º Ciclo e PDI da UVI</b>	
Ciencias Experimentais	552
Ensinanzas Técnicas	813
Ciencias Sociais e Xurídicas	938
Humanidades	479
Ciencias da Saúde	187
Outros	0
<b>Total</b>	<b>2.969</b>



Na UVI, a maior porcentaxe de usuarios pertence ás áreas de Ciencias Sociais e Xurídicas e ás Ensinanzas Técnicas, cunha moi baixa representación de usuarios de Ciencias da Saúde.

## ESTUDO DOS RECURSOS ELECTRÓNICOS DE BUGALICIA

Para poder relacionar os usuarios potenciais cos recursos ofertados por BUGalicia en cada área, procede realizar unha clasificación dos mesmos. Para elo, usaremos a mesma clasificación anterior.

### 1.- Distribución das bases de datos\*

Procedemos a agrupar as bases de datos nas cinco áreas Aneca e, debido ás características dalgunhas delas, engadimos unha área Multidisciplinar, para designar a aquelas que inclúen información das cinco Áreas Aneca.

Áreas de Coñecemento	Nº de Bases de Datos
Ciencias Experimentais	9
Ensinanzas Técnicas	3
Ciencias Sociais e Xurídicas	11
Humanidades	7
Ciencias da Saúde	4
Multidisciplinar	11

A distribución das bases de datos é a seguinte:

\* Inclúense neste estudo tódalas bases de datos subscritas por BUGalicia, as ofertadas gratuitamente polos provedores e as subvencionadas pola FECYT. Algunhas bases de datos son asignadas a máis dunha área por ofrecer información de interese para dúas ou tres áreas de coñecemento, e once delas son asignadas á unha área multidisciplinar por ser de interese para todos os usuarios.



**Ciencias Experimentais:** Agris, Asfa, Biological Abstract, Ipa, Inspec, Mathscinet, Pascal, Scifinder Scholar- Chemical Abstracts, Isi Derwent.


**Ensinanzas Técnicas:** Inspec, Compendex, Isi Derwent.

**Ciencias Sociais e Xurídicas:** Bsp, Econlit, Eric, Francis, Pci, PsycInfo, National Criminal, lustel, Tirant, Westlaw, Sabi.

**Humanidades:** Francis, Lion, Llba, Mla, Pci, Philosopher, Acta Santorum.

**Ciencias da Saúde:** Cinahl, Ipa, Medline, Pascal.

**Multidisciplinar:** Dissertations & Theses, Sigle, Ulrich's, CSIC, Bibliografía Nacional Española, Suscrinorma, ISI Current Contents, ISI Journal Citation Reports, ISI Proceedings, ISI Web of Science, ISI Essential Science Indicators.




Desta clasificación despréndese que o maior número de bases de datos pertence á área de Ciencias Sociais e Xurídicas, sendo esta tamén a área que conta cun maior número de usuarios; pola contra son as Ensinanzas Técnicas as que contan cun menor número de bases de datos.

## 2.- Distribución das revistas electrónicas.

Os paquetes de revistas que se van utilizar neste estudo son os dos editores: ACS, Blackwell, Elsevier, Springer, Kluwer, Wiley, JSTOR e IEEE, incluíndo tamén as revistas Nature, Science. Algunhas revistas son asignadas a máis dunha área por ofrecer información de interese para varias áreas de coñecemento, (isto supón un importante número de duplicados entre algunhas áreas) e só tres revistas son asignadas a unha área multidisciplinar por ser de interese para todos os usuarios.

Áreas de Coñecemento	Nº de Títulos de Revistas
Ciencias Experimentais	1645
Ensinanzas Técnicas	997
Ciencias Sociais e Xurídicas	947
Humanidades	385
Ciencias da Saúde	1096
Multidisciplinar	3



Desta clasificación despréndese que as áreas mellor representadas son as de Ciencias Experimentais, Ciencias da Saúde e as Ensinanzas Técnicas, o que se correlaciona co número e importancia da edición das publicacións periódicas científicas a nivel mundial e tamén co seu maior uso por parte da comunidade científica, como se ve noutros apartados desta memoria.

## Anexo 2: ESTUDO DE USO DAS BASES DE DATOS REFERENCIAIS

Durante este ano 2005 o número de consultas ás bases de datos contratadas por BUGalicia foi de 831.224\*.

Por outra parte, o total de consultas das bases de datos financiadas pola FECYT (ISI Current Contents, ISI Derwent Innovations Index, ISI Essential Science Indicators, ISI Journal Citation Reports, ISI Proceedings, ISI Web of Science), foi de 178.229 consultas.

Desta maneira o uso feito dentro do SUG sobrepasa o millón de consultas.

	BUDC	BUSC	BUWI	TOTAL
CONSULTAS ÁS BBDD CONTRATADAS	175.952	419.490	235.782	831.224
CONSULTAS ÁS BBDD DO ISI	31.792	98.818	47.619	178.229
TOTAL	207.744	518.308	283.401	1.009.453

Debido ao seu escaso uso no 2005 déronse de baixa as seguintes bases de datos: Humanities, Geobase, Bnf, Bnb, Ubadisc.


A cambio contratáronse as seguintes:

- ✓ Lion: recurso que conta con máis de 350.000 traballos de poesía, drama e prosa inglesa e americana, 153 revistas a texto completo con información dende o século XIX ata a actualidade, combinadas con críticas e recursos de referencia. Inclúe 164 biografías, novas e revisadas. Proporciona materiais para o estudo histórico de cada período e xénero da literatura inglesa, así como tamén destaca o incremento de traballos dos principais autores do século XX.
- ✓ Tirant: base de datos de contido xurídico, que se compón de normas vixentes do ordenamento xurídico internacional, comunitario, estatal, autonómico e local, cunha información que se actualiza diariamente. Inclúe textos de normas, todos eles vixentes, consolidados e integrados nun só documento. Conta con apartados de lexislación, xurisprudencia, doutrina, formularios, bibliografía e esquemas.
- ✓ Cinalh: base de datos da área de enfermería e outras especialidades médicas tales como a biomedicina, medicina alternativa ou complementaria, etc. Recolle unhas 2.737 publicacións e contén máis de un millón de rexistros que abarcan dende 1982 ata a actualidade. Contén acceso a libros sobre asistencia médica, teses sobre enfermería, actas de conferencias seleccionadas, normas de prácticas, software educativo, audiovisuais e capítulos de libros. O material textual inclúe mais de 69 revistas de casos legais, innovacións clínicas, camiños críticos, rexistros de drogas, instrumentos de investigación e ensaios clínicos.


*\*Nota: Esta cifra final de consultas provén da suma de consultas e sesións. Para poder operar cun único valor, as sesións foron transformadas en consultas mediante a aplicación do indicador medio de consultas por sesión, extraído dun estudo de 30 bases de datos de Bugalicia que proporcionan ambos valores, dando unha media de 3,04 consultas por sesión. Hai algunha variante, como é o caso de Westlaw, ao que se lle aplica unha media*

propia (2,145 consultas por sesión) dado que podemos extraer a media real de consultas por sesión ao contar co dato do total das consultas de BUGalicia.


**Datos de consultas totais 2005 das bases de datos BUGalicia:**



Gráfica do total de consultas ás bases de datos por universidade:



Comparativas 2004-2005




Nota:

Quedan fora nas comparativas de consultas totais do 2004 co 2005 as seguintes bases de datos:

- Cinahl: non contratada no 2004
- Lion: non contratada no 2004
- Humanities Index: non contratada no 2005
- Geobase: non contratada no 2005
- National Criminal Justice Reference Service: base de datos gratuíta para o ano 2005
- Bases de datos do ISI: contratadas pola Fecyt
- Tirant Online: non contratada no 2004
- Acta Sanctorum: base de datos de compra
- Westlaw: non temos estatísticas do 2004 por universidade
- Urdisc: baixa no 2005
- Bibliografía Nacional Francesa: baixa no 2005
- Bibliografía Nacional Inglesa: baixa no 2005

COMPARATIVA 2004-2005 DAS CONSULTAS ÀS BBDD CONTRATADAS



1 Agris	8 Ipa	15 Pascal	22 Ulrichs
2 Asfa	9 Inspec	16 Poi	23 Sabi
3 Biological A.	10 Compendex	17 Philosopher's	24 CSIC
4 Esp	11 Liba	18 Dissertations & Theses	25 BNE
5 EconLit	12 MathSciNet	19 PsycInfo	26 Iustel
6 Eric	13 Medline	20 SciFinder	27 Suscrinorma
7 Francis	14 Mla	21 Sigle	

**Observacións:**

*\* Descensos de uso a destacar: Agris, Biological Abstracts (non temos seguridade sobre a exactitude dos datos do ano 2004).*

*\* Subas porcentuais de uso a destacar: Econlit, Llba, Medline, PsycInfo, Scifinder, Ulrich.*



*\*Entre as bases de datos máis usadas destacan: SciFinder, MatScinet, BSP, Medline e Biological Abstracts.*

*\* Entre as bases de datos menos usadas destacan: Philosopher´s, Dissertations and Theses e Sigle.*

*\*Nos casos de Inspec e Compendex a suba é resultado da suma das consultas individuais e o total de sumas combinadas que se fan dende a plataforma Engineering Village, onde a busca por defecto prodúcese en ambas bases de datos ao mesmo tempo, sen posibilidades de desagregacións.(Esta suma de consultas individuais e combinadas só se realizou para este ano, polo que a comparativa con respecto ao 2004 non é válida).*

*\*Finalmente destaca un importante nivel de rexeitamentos nos accesos á base de datos Sifinder sobre todo na USC (40,14 %).*


Nas seguintes gráficas exprésase o uso realizado das bases de datos por cada unha das Universidades en relación coa porcentaxe de usuarios de cada unha delas. (Representátese só o total de consultas das bases de datos contratadas por BUGalicia, polo que quedan de novo excluídas as bases de datos do ISI).



A porcentaxe total de consultas realizadas por cada universidade ás bbdd contratadas acérase moito á porcentaxe de usuarios de investigación de cada unha delas (Coruña dous puntos porriba, Santiago tres puntos por baixo e Vigo un punto porriba do número de usuarios potenciais)




CONSULTAS 2005 POR BBDD E UNIVERSIDADE



1	Agris	8	Francis	15	Medline	22	SciFinder	29	BNE
2	Asfa	9	Ipa	16	Mla	23	Sigle	30	Iustel
3	Biological A.	10	Inspec	17	Pascal	24	Ulrichs	31	Suscrinorma
4	Bsp	11	Compendex	18	Pci	25	tirant		
5	Cinahl	12	Lion	19	Philosopher's	26	Westlaw		
6	EconLit	13	Liba	20	Dissertations & Theses	27	Sabi		
7	Eric	14	MathSciNet	21	PsycInfo	28	CSIC		

## Análise do custo por consulta



Notas:

\*PCI é unha base de datos que ademais inclúe acceso ó texto completo de 456 revistas das que se realizaron 5.640 descargas (non contabilizadas aquí pero sí no estudo de uso das coleccións de revistas, polo que o prezo real de uso da base de datos é moi inferior a esta cifra, aínda que seguiría sendo a segunda bbdd máis cara (7,07 €).

*\* BSP ao igual que PCI é unha base de datos que ademais inclúe acceso ao texto completo de 8.380 revistas das que se realizaron 15.189 descargas (non contabilizadas aquí pero sí no estudo de uso das coleccións de revistas), polo que o prezo real de uso da base de datos é un pouco inferior a esta cifra (1,03 €).*

*\*Os informes estatísticos de Inspec e Compendex proporcionan datos das consultas individuais a cada base de datos e tamén datos das consultas comúns debido a que a plataforma presenta por defecto unha primeira pantalla de busca combinada. O resultado do total de consultas de cada unha é a suma das consultas individuais e das combinadas, polo que nos datos empregados o número de consultas obtidas é máis estimativo que real.*

*\*Econlit non figura nesta gráfica por non ter custo durante o 2005 (foi incluída por Ebsco nun paquete de 5 bases de datos máis.).*



#### Observacións:

Se comparamos os rankings de custo de uso por consulta e de custo de subscrición observamos en primeiro lugar o estupendo rendemento da base de datos máis cara (SciFinder), o excelente rendemento de MathScinet, CSIC e Westlaw, o bo rendemento de Biological Abstracts, Medline, Eric, etc. En canto ás bases de datos que resultan de custo máis caro tanto por consulta realizada como por custo de subscrición: PCI, Lion, Inspec, Compendex, Dissertation, Mla; e bbdds con un custo moderadamente caro: PsyInfo, Pascal e Philosopher Index.

**Investimento orzamentario e distribución das bases de datos por áreas ANECA**

Co obxecto de poder establecer unha relación entre o investido en bases de datos por área de coñecemento e o uso que desde estas áreas de coñecemento se está a facer das mesmas, procede tamén facer unha distribución do orzamento investido nas bases de datos por cada área. Para poder realizar esta relación, dado que 11 bases de datos comprenden varias áreas ANECA, optamos por duplicar (procedemento sen dúbida discutible) o número de bases de datos multidisciplinares tanto na distribución orzamentaria como na asignación das consultas por área de coñecemento, polo que as porcentaxes resultantes deben ser tomadas só como meramente orientativas do custo e do uso que se fai en cada área.

Ciencias Experimentais	Ciencias Sociais e Xurídicas	Ciencias da Saúde
Agris	Bsp	Cinahl
Asfa	Ecoalit	Medline
Biological Abstract	Eric	Pascal
Mathscinet	Psycho	Ipa
SciFinder Scholar	Tirant	Dissertations & Theses
Pascal	Francis	Sigle
Ipa	Westlaw	Ulrichs
Inspec	Sabi	CSIC
Dissertations & Theses	Instel	BNE
Sigle	Pci	Suscrinorma
Ulrichs	Dissertations & Theses	<b>Humanidades</b>
CSIC	Sigle	Lion
BNE	Ulrichs	Liba
Suscrinorma	CSIC	Mla
<b>Ensinanzas Técnicas</b>	BNE	Philosopher
Compendex	Suscrinorma	Pci
Inspec		Francis
Dissertations & Theses		Dissertations & Theses
Sigle		Sigle
Ulrichs		Ulrichs
CSIC		CSIC
BNE		BNE
Suscrinorma		Suscrinorma




Na comparativa das dúas gráficas precedentes, observamos que as bases de datos das áreas STM (Ciencia, Tecnoloxía e Medicina) absorben o 51% do orzamento, proporcionando o 58% das consultas. As áreas de Ciencias Sociais, Xurídicas e Humanidades absorben o 49% do orzamento e proporcionan o 42% das consultas.

## Anexo 3: ESTADÍSTICAS DE USO DOS LIBROS ELECTRÓNICOS

A colección contratada correspóndese cunha colección de 102 libros de informática da plataforma Safari Textbooks da que se realizaron 5.300 accesos.

As gráficas mostran o uso por universidade e unha comparativa das consultas entre o ano 2004 e o 2005, que amosa un descenso moi acusado, o que propiciou a cancelación desta colección a finais do 2005.




## Anexo 4: ESTUDO DE USO DAS COLECCIÓN DE REVISTAS ELECTRÓNICAS POR PAQUETES

O total de descargas dos paquetes de revistas electrónicas a texto completo no 2005 foi de 543.119 e as descargas de revistas a texto completo en bases de datos foi de 25.739.

### Consideracións previas:

Os datos estatísticos das descargas dos informes Counter de Blackwell, Elsevier e Wiley aportan datos de máis títulos dos contratados por BUGalicia (contados neste estudo) debido a que inclúen:


- Títulos anteriores de títulos en curso (cambios de título)
- Títulos contratados por departamentos, proxectos ou investigadores individuais
- Títulos gratuítos



\*O número de descargas de IEEE inclúe as descargas de estándares e actas de congresos por non ser posible desagregar os datos.


### Conclusións:

- ✓ Destaca o elevado uso do paquete multidisciplinar de Elsevier, que é tamén con diferenza o de maior número de títulos (1.757), moitos deles multidisciplinares, así como as revistas multidisciplinares Nature e Science
- ✓ O uso do paquete de ACS, cun reducido número de títulos (33) é con moita diferenza o de maior uso relativo.
- ✓ O menor uso relativo, e tamén absoluto, corresponde ás coleccións de Jstor, Springer e Kluwer.



\*Non temos os datos das descargas dos títulos incluídos nas bases de datos Lion (153 títulos), Clnahl (69 títulos) e lustel (7 títulos) porque os editores só proporcionan datos de consultas.


#### Comparativas 2004-2005 das descargas de revistas






\*Unha das razóns do descenso no número de descargas de Kluwer seguramente se debe a que no ano 2004 se tivo acceso á colección completa de Kluwer e no ano 2005 só tivemos acceso á colección inicial impresa (cross-access). Ademais, as revistas de Kluwer xunto coas de Blackwell e Wiley (Bvvi) seguen a recibirse en papel, carecendo de datos de uso da versión impresa.

\*Nas comparativas 2004-2005 non están contabilizados os paquetes de Blackwell e ACS, por ser contratados no 2005.

\*Destaca o incremento xeneralizado do uso dos paquetes, a excepción de IEEE e Springer.



Descargas de revistas por universidades





\*As porcentaxes desta gráfica son resultado da suma das descargas dos títulos dos paquetes de revistas e dos títulos incluídos en bases de datos.


Considerando globalmente os paquetes de revistas os usuarios da BUSC fan un uso catro



puntos porriba da súa porcentaxe de usuarios (PDI e 3º C), os usuarios da BUDC fan un uso cinco puntos por debaixo do mesmo e os da BUVI fan un uso un punto porriba da súa porcentaxe de usuarios.



Estudo do Custo por Descarga



Consideración previa: Algúns prezos non son exactos, aínda que si moi aproximados, por descoñecer a cifra final de pago dalgúns paquetes realizada directamente polas universidades, e no que inflúen aspectos como o cambio de divisas, etc. En todo caso a diferenza final coa cantidade considerada no estudo carece de relevancia a efectos das conclusións do estudo.

\*O prezo de Kluwer e Blackwell non ten en conta o uso da versión en papel.

\*O total de descargas de IEEE inclúe as descargas dos estándares e actas de congresos, o que desvirtúa o uso das 220 revistas do paquete. Como vimos sinalando, o editor non proporciona estadísticas Counter polo que non podemos separar os datos de revistas dos de monografías.

Dende o punto de vista do custo de cada paquete a nivel consorcial, podemos concluír que:

- O paquete máis caro, en canto ó custo por descarga, é o de Kluwer, que está composto exclusivamente polos títulos impresos previamente subscritos polas tres universidades. Aínda que neste caso deberemos ter en conta que, ao igual que sucede con Blackwell, continuase recibindo a versión en papel de cuxo uso non temos datos estatísticos, que de telos loxicamente repercutirían nun mellor custo por consulta.
- O segundo paquete máis caro, aínda que a moita distancia, resulta ser o paquete de Springer.
- O paquete que da un mellor rendemento resulta ser o da ACS, un conxunto de revistas especializadas no campo científico da Química. Sen embargo neste caso debemos ter en conta que é a única colección con acceso completo aos anos retrospectivos (ACS Journal Archives), con un alto número de descargas. Acae

sinalar aquí que a base de datos de máis uso de BUGalicia (Scifinder) pertence ao mesmo campo científico.

- Revistas individuais como Nature e Science, tal como era previsible, están nos lugares máis altos da rendibilidade xunto coa colección de ACS.
- O paquete de Jstor, especializado no ámbito das humanidades e as ciencias sociais, comparado co conxunto dos paquetes, presenta unha boa rendibilidade de uso, a pesar de ter un baixo número de descargas. Este paquete ten como característica, fronte aos demais paquetes, que se trata dunha colección de revistas con un “muro móbil” . É dicir, non dispón dos últimos números publicados e a súa cobertura vaise ampliando cara adiante e cara atrás.

## Anexo 5: ESTUDO PORMENORIZADO DO USO DAS REVISTAS E- DE BUGALICIA

### CONSIDERACIÓNS PREVIAS

1. Entendemos por “**Colección Consorciada 2005**” ou “**Colección 2005**” ós títulos contratados por BUGalicia para o conxunto das tres universidades.

2. Táboa “**Estudo do 100% da Colección Consorciada (C.C) 2005 e da Colección Inicial Impresa (C.I.I.)**”

Editor	Univ	C.C. 2005				C.I.I.			%		%	
		Num Tít C.C.	Usados	%	Sen uso	Num Tít C.I.I.	Usados C.I.I.	%	Sen uso C.I.I.	%	% usados 2005 na C.I.I.	% usados 2005 non na C.I.I.

- *Editor*: Nome do editor da plataforma de revistas
- *Univ*: Budc, Busc, Buvi ou BUGalicia (Budc + Busc + Buvi)
- *Num Tít C.C. 2005*: Número de títulos contratados por BUGalicia
- *Usados*: Número de títulos que tiveron polo menos unha descarga. A continuación a porcentaxe correspondente
- *Sen uso*: Número de títulos que non tiveron ningunha descarga. A continuación a porcentaxe correspondente
- *Num Tít C.I.I.*: Número de títulos da Colección Inicial Impresa das tres universidades
- *Usados C.I.I.*: Número de títulos da C.I.I. que tiveron polo menos unha descarga. A continuación a porcentaxe correspondente

- *Sen uso C.I.I.*: Número de títulos da C.I.I. que non tiveron ningunha descarga. A continuación a porcentaxe correspondente
- *% usados 2005 na C.I.I.*: Porcentaxe de títulos usados en 2005 que pertencían á Colección Inicial Impresa
- *% usados 2005 non na C.I.I.*: Porcentaxe de títulos usados en 2005 que non pertencían á C.I.I.

3. Táboa “**Estudo do 80% da Colección Consorciada 2005 con respecto á Colección Inicial Impresa (C.I.I.)**”

Editor	Univ	Num Tít C.C. 2005	Total Descargas por Paquete	Num Tít no 80% das descargas	% dos tít no 80% das descargas	Valor do 80% das descargas	Num Tít da C.I.I.	Num Tít do 80% na C.I.I	Num Tít do 80% non na C.I.I
--------	------	-------------------	-----------------------------	------------------------------	--------------------------------	----------------------------	-------------------	-------------------------	-----------------------------

- *Editor*: Nome do editor da plataforma de revistas
- *Univ*: Budc, Busc, Buvi ou BUGalicia (Budc + Busc + Buvi)
- *Num Tít C.C. 2005*: Número de títulos contratados por Bugalicia
- *Total Descargas por Paquete*: Número total de descargas dos títulos contratados por BUGalicia
- *Num Tít do 80% das descargas*: Número de títulos que supoñen o 80% das descargas.
- *% dos tít no 80% das descargas*: Porcentaxe de títulos da colección que aportan o 80% das descargas.
- *Valor do 80% das descargas*: Número de descargas dos títulos incluídos no 80% das descargas
- *Num Tít da C.I.I.*: Número de títulos da colección inicial
- *Num Tít do 80% na C.I.I.*: Número de títulos no 80% que son da Colección Inicial Impresa
- *Num Tít do 80% non na C.I.I.*: Número de títulos no 80% que non son da Colección Inicial Impresa

4. Táboa “**Rangos de uso da Colección Consorciada 2005**”

Editor	Univ	Num Tít C.C. 2005	Total Descargas por Paquete	Sen uso	%	Nº Tít Uso Baixo (1-10)	%	Nº Tít Uso Medio (11-50)	%	Nº Tít Uso Alto (51 - >)	%
--------	------	-------------------	-----------------------------	---------	---	-------------------------	---	--------------------------	---	--------------------------	---

- *Editor*: Nome do editor da plataforma de revistas
- *Univ*: Budc, Busc, Buvi ou BUGalicia (Budc + Busc + Buvi)
- *Num Tít C.C. 2005*: Número de títulos contratados por Bugalicia

- *Total Descargas por Paquete*: Número total de descargas dos títulos contratados por Bugalicia
- *Sen uso*: Número de títulos que non tiveron ningunha descarga. A continuación a porcentaxe correspondente
- *Nº Títls Uso Baixo (1-10)*: Número de títulos que tiveron entre 1 e 10 descargas (ambas incluídas). A continuación a porcentaxe correspondente
- *Nº Títls Uso Medio (11-50)*: Número de títulos que tiveron entre 11 e 50 descargas (ambas incluídas). A continuación a porcentaxe correspondente
- *Nº Títls Uso Alto (51 ->)*: Número de títulos con máis de 50 descargas. A continuación a porcentaxe correspondente

5. Táboa “Rangos de uso da C.I.I.”

Editor	Univ	Num Títls C.I.I.	Total Descargas por Paquete	Sen uso C.I.I.	%	Nº Títls Uso Baixo (1-10)	%	Nº Títls Uso Medio (11-50)	%	Nº Títls Uso Alto (51 ->)	%
--------	------	------------------	-----------------------------	----------------	---	---------------------------	---	----------------------------	---	---------------------------	---

O mesmo que a táboa anterior pero cos datos da Colección Inicial Impresa.

6. Táboa “Títulos con estadísticas de uso non incluídos na colección suscrita por Bugalicia 2005”

Editor	Univ	Num Títls Non Contratados BUGalicia	Usados	Sen uso	Total Descargas
--------	------	-------------------------------------	--------	---------	-----------------

- *Editor*: Nome do editor
- *Univ*: Budc, Busc, Buvi ou BUGalicia (Budc + Busc + Buvi)
- *Num Títls Non Contratados BUGalicia*: Número de títulos incluídos nas estadísticas pero que non pertencen a colección suscrita por Bugalicia. Estes títulos poden ser:
  - Cambios de títulos ou arquivos retrospectivos (backfiles)
  - Títulos adquiridos por departamentos ou investigadores individuais
  - *Usados*: Número de títulos que tiveron polo menos unha descarga
  - *Sen uso*: Número de títulos que non tiveron ningunha descarga
  - *Total Descargas*: Número total de descargas deses títulos

7. **Notas xerais**

- Nas estatísticas Counter de ACS está incluído “ACS Journal Archive” que é un compendio dos títulos anteriores (retrospectivos ou cambios de título) pero non se pode engadir ó estudo de uso do contratado por non estar desagregados por títulos.
- En canto a Blackwell, Kluwer e Wiley (Buvi) debe terse en conta que destes dous editores séguese a recibir o papel o cal, ó menos teoricamente, pode influír no uso das coleccións.
- No caso de Kluwer a colección de 2005 está composta unicamente polos títulos da C.I.I. subscritos polas tres BU antes de contratar o acceso electrónico por BUGalicia.
- En canto ó número de títulos de Springer no ficheiro estatístico Counter do editor aparecen 10 títulos a maiores dos que había no listado de 2005 enviado polo editor, debido a posibles altas ó longo do ano.

8. Nature e Science estúdiense por separado por tratarse de títulos individuais.

## **ESTUDO DE CONXUNTO DO USO DE BUGALICIA**

Este estudo toma como referencia dous traballos. Un realizado por Angela Conyers e Pete Dalton para o JISC (Join Information Systems Committee) de Gran Bretaña titulado **NESLi2 analysis of usage statistics: Summary Report**, (<http://www.ebase.uce.ac.uk/docs/jiscnesli2summaryeb.pdf>). Este estudo analiza os datos de uso das subscricións electrónicas da varias universidades inglesas durante o ano 2003 e primeira metade do 2004, co obxecto de proporcionar valores de custo e de uso das publicacións subscritas nas diferentes áreas de coñecemento coa intención de que servisen de axuda ao Axente encargado de realizar futuras negociacións cos provedores de revistas.


Dado o diferente nivel de dotación de recursos electrónicos existente entre as bibliotecas universitarias inglesas e as bibliotecas universitarias galegas por un lado, e a diferente cultura de uso de recursos electrónicos que consideramos existe entre o conxunto dos investigadores do sistema universitario inglés e o conxunto dos investigadores do sistema universitario galego por outro, fixemos unha adaptación do mesmo para que se axustase mellor á análise da nosa realidade, sobre todo no punto que se refire aos rangos de uso das coleccións.


O outro estudo tido en conta foi o realizado por Cristobal Urbano, Àngel Borrego, Antoni Coscolluela e Carme Cantos para o CBUC (Consorti de Biblioteques Universitàries de Catalunya): **Ús de revistes electròniques de compra consorciada del CBUC (2000-2003)** ([http://www.cbuc.es/5digital/Informe\\_revistes\\_CBUC\\_amb\\_grafics.pdf](http://www.cbuc.es/5digital/Informe_revistes_CBUC_amb_grafics.pdf)) para coñecer o uso de catro paquetes de revistas contratados polo CBUC durante os tres primeiros anos

de funcionamento do modelo de contratación "big deal" e para ver as vantaxes e inconvenientes que este modelo reporta ao CBUC.

**1. Estudo do 100% da Colección Consorciada (C.C.) 2005 con respecto á Colección Inicial Impresa (C.I.I.)**

Editor	Univ	C.C. 2005					C.I.I.					% usados 2005 na C.I.I.	% usados 2005 non na C.I.I.
		Num Tits	Usados	%	Sen uso	%	Num Tits	Usados	%	Sen uso	%		
Acs	BUGalicia	33	33	100,00	0	0,00	24	24	100,00	0	0,00	72,73	27,27
Blackwell	BUGalicia	668	635	95,06	33	4,94	214	212	99,07	2	0,93	33,39	66,61
Elsevier	BUGalicia	1.756	1.625	92,54	131	7,46	516	512	99,22	4	0,78	31,51	68,49
Kluwer	BUGalicia	153	142	92,81	11	7,19	153	142	92,81	11	7,19	100,00	0,00
Springer	BUGalicia	533	426	79,92	107	20,08	113	111	98,23	2	1,77	26,06	73,94
Wiley	BUGalicia	404	355	87,87	49	12,13	108	107	99,07	1	0,93	30,14	69,86







Observando as dúas gráficas inmediatamente anteriores comprobamos o elevado nivel de uso do conxunto dos títulos dos seis paquetes analizados, destacando ACS, Blackwell e Elsevier cunha reducida porcentaxe de títulos sen ningún uso. O paquete con maior porcentaxe de títulos sen uso correspóndelle a Springer.

Se aplicamos o mesmo estudio á C.I.I. observamos con certa sorpresa que, a excepción do paquete da ACS, seguen existindo títulos sen ningún uso.





**Ganancia consorcial**



**Conclusións:**

- A ganancia consorcial está composta pola diferenza entre os títulos usados da C.I.I. e o total dos títulos usados da C.C. 2005, presentando as grandes plataformas (Blackwell, Elsevier, Springer e Wiley) unha porcentaxe de ganancia moi semellante, superior ao 65% dos títulos usados.
- ACS presenta unha porcentaxe de ganancia inferior (27%) explicable por ter un número de títulos moi inferior (33) ó resto das plataformas e por ter subscritos na C.C.I. unha porcentaxe en títulos comparativamente moi superior ó subscrito nas grandes plataformas.


- A única plataforma que, a nivel do uso conxunto de BUGalicia, non aporta ningunha ganancia é Kluwer, debido a que só se ten contratado o acceso ós títulos da Colección Inicial Impresa.

## 2. Estudo do 80% da Colección Consorciada (C.C.) 2005 con respecto á Colección Inicial Impresa (C.I.I.)


Segundo a coñecida lei de Pareto que di que o 80% das necesidades dos investigadores son satisfeitas polo 20% da colección dunha biblioteca normalmente dotada de recursos, quixemos con este estudo primeiro comprobar se nestas coleccións de revistas se cumpre o principio de Pareto e segundo, coñecer cal foi ese 20% de publicacións que proporcionaron o 80% das descargas de artigos a texto completo de cada un destes seis paquetes de revistas electrónicas (Ver relación de títulos no Anexo 7).

Editor	Univ	Num Tít C.C. 2005	Total Descargas por Paquete	Num Tít no 80% das descargas	% dos tít no 80% das descargas	Valor do 80% das descargas	Num Tít da C.I.I.	Num Tít do 80% na C.I.I.	Num Tít do 80% non na C.I.I.
Acs *	BUGalicia	33	58.732	12	36	46.986	24	12	0
Blackwell	BUGalicia	668	40.550	154	23,05	32.440	215	62	92
Elsevier	BUGalicia	1.756	282.215	399	22,72	225.772	516	218	181
Kluwer	BUGalicia	153	7.618	38	24,84	6.094	153	38	0
Springer	BUGalicia	533	18.805	101	18,95	15.044	113	52	49
Wiley	BUGalicia	404	38.425	89	22,03	30.740	108	44	45

\* O número de descargas de ACS tería que incrementarse ata 88.713 (cifra porcentualmente moi importante) debido ás descargas de "ACS Journal Archives" que é un compendio dos títulos anteriores (retrospectivos ou cambios de título), pero que non o podemos facer por non estar os datos desagregados por títulos. Reflexa unha característica propia desta plataforma que non teñen ningún dos outros paquetes contratados, que é o acceso a todo o fondo da colección.




**Ganancia consorcial no 80% da colección**



**Conclusións:**


- A ganancia consorcial da que poderíamos considerar colección básica ou nuclear está composta pola diferenza entre o total de títulos que aportan o 80% das descargas e o número de títulos incluídos da C.I.I.
- En conxunto a ganancia consorcial é moi notable, como se aprecia na seguinte gráfica.
- A plataforma que aporta maior porcentaxe de ganancia é Blackwell (60%), seguida de Wiley (50,5%) e Springer (49,5%).

- Acs non aporta ningunha ganancia debido a que a colección só inclúe 9 títulos máis dos xa contratados inicialmente, os cales non están no 80% da colección
- Kluwer non supón ningunha ganancia debido a que só se ten contratado o acceso á Colección Inicial Impresa.



Nesta gráfica pode verse como un 46% dos títulos que aportan o 80% das descargas dos paquetes analizados non pertencían á C.I.I., é dicir, son aportados polo modelo de contratación dos “big deal” realizado por BUGalicia.

### Principio de Pareto




Nesta gráfica podemos comprobar como, no conxunto dos títulos que aportan os seis paquetes analizados, cúmprese case exactamente o principio de Pareto (ampliándose a porcentaxe de títulos unicamente en dous puntos) segundo o cal o 80% dos usos (descargas) se obteñen do 20% dos títulos da colección.

### 3. Rangos de uso da Colección Consorciada (C.C.) 2005


Para coñecer o comportamento global de cada paquete así como o nivel de uso dos diferentes títulos de cada un deles seguindo, e adaptando a metodoloxía do primeiro estudo citado, establecemos catro niveis de uso: un nivel de non uso (zero descargas), un nivel de uso baixo (de 0 a 10 descargas), un nivel de uso medio (11 a 50 descargas) e un nivel de uso alto (con máis de 51 descargas), cos cales poder establecer o nivel de rendibilidade da colección de cada paquete.

Editor	Univ	Num Tít C.C. 2005	Total Descargas por Paquete	Sen uso	%	Nº Tít Uso Baixo (1- 10)	%	Nº Tít Uso Medio (11- 50)	%	Nº Tít Uso Alto (51 ->)	%
Acs *	BUGalicia	33	58.732	0	0,00	0	0,00	0	0,00	33	100,00
Blackwell	BUGalicia	668	40.550	33	4,94	237	35,48	222	33,23	176	26,35
Elsevier	BUGalicia	1.756	282.215	131	7,46	343	19,53	458	26,08	824	46,92
Kluwer	BUGalicia	153	7.618	11	7,19	53	34,64	54	35,29	35	22,88
Springer	BUGalicia	533	18.805	107	20,08	198	37,15	138	25,89	90	16,89
Wiley	BUGalicia	404	38.425	49	12,13	86	21,29	129	31,93	140	34,65


\* O número de descargas de ACS tería que incrementarse ata 88.713 debido ás descargas de "ACS Journal Archives" que é un compendio de títulos anteriores (retrospectivos ou cambios de título), pero que non podemos saber a que títulos actuais corresponden.




De ACS destaca o uso elevado de todos os títulos. É a colección de maior rendemento relativo de tódolos paquetes.




De Blackwell destaca a elevada porcentaxe de títulos de uso baixo e medio.




De Elsevier destaca a elevada porcentaxe de títulos de uso alto e medio. É a colección de maior rendemento absoluto.




De Kluwer destaca a elevada porcentaxe de títulos de medio e baixo uso en proporcións case idénticas e a baixa porcentaxe de títulos de uso alto. Presenta un moi baixo rendemento.



De Springer destaca a elevada porcentaxe de títulos de baixo (a maior de títulos paquetes) e medio uso, sendo ademais a que presenta a maior porcentaxe de títulos sen uso (20%).



De Wiley destaca a porcentaxe de títulos de alto e medio uso que en conxunto supoñen máis do 66% da C.C. 2005. Polo tanto unha colección con un bo rendemento.



No total dos 3.547 títulos que compoñen estes seis paquetes observamos que a maior concentración de uso dáse nun nivel de uso alto, seguido moi de preto por un nivel medio. A unión destes dous niveis supón máis do 64% dos títulos. A porcentaxe de títulos non usados é inferior ao 10%. En conxunto podemos considerar que os usuarios de BUGalicia están facendo un bo aproveitamento do conxunto de revistas electrónicas ofertadas consorciadamente.


#### 4. Rangos de uso da Colección Inicial Impresa (C.I.I.)

Seguindo a mesma metodoloxía do punto anterior quixemos comprobar se os títulos que compoñían a colección previa á contratación consorciada ofrecen unha maior rendibilidade, tal como cabe esperar dun grupo de títulos que foron inicialmente subscritos por iniciativa ou a suxestión dos propios investigadores.

Editor	Univ	Num Tits C.I.I.	Total Descargas por Paquete	Sen uso C.I.I.	%	Nº Tits Uso Baixo (1-10)	%	Nº Tits Uso Medio (11-50)	%	Nº Tits Uso Alto (51 ->)	%
Acs *	BUGalicia	24	56.800	0	0,00	0	0,00	0	0,00	24	100,00
Blackwell	BUGalicia	214	20.114	2	0,93	63	29,44	79	36,92	70	32,71
Elsevier	BUGalicia	516	178.797	4	0,78	33	6,40	93	18,02	386	74,81
Kluwer **	BUGalicia	153	7.618	11	7,19	53	34,64	54	35,29	35	22,88
Springer	BUGalicia	113	9.790	2	1,77	32	28,32	30	26,55	49	43,36
Wiley	BUGalicia	108	24.139	1	0,93	13	12,04	31	28,70	63	58,33


\* Ver nota da táboa do apartado anterior "Rangos de uso da Colección Consorciada 2005" para BUGalicia.

\*\* Hai que ter en conta que a colección de Kluwer 2005 está composta unicamente por un acceso cruzado, é dicir, polos títulos da C.I.I. subscritos polas tres BU antes de contratar o acceso electrónico consorciado.




En Acs non hai diferenzas de uso con respecto á C.C. 2005. A razón está tanto na calidade dos propios títulos como no seu reducido número (e porque xa figuraban na C.I.I. a maior parte deles).







En Blackwell incrementábase a porcentaxe de uso medio e alto e diminúen os títulos de baixo uso con respecto á C.C. 2005, se ben non na media que cabería esperar. 2 títulos non foron consultados en ningunha Biblioteca Universitaria.




En Elsevier o incremento dos títulos de uso alto fronte ós de medio e baixo experimenta un crecemento substancial con respecto á C.C. Destaca tamén a existencia de 4 títulos sen uso por ningunha das BU. É a colección de maior rendemento absoluto.




En Kluwer dado que a C.C. é a mesma da C.I.I., unicamente cabe destacar sobre a reflexión feita no apartado anterior a existencia de 7 títulos sen ningún uso, o que supón a porcentaxe, absoluta e relativa, máis elevada de tódolos paquetes. O comportamento do uso de Kluwer é o de máis baixo rendemento de tódolos paquetes, o que invita a reflexionar sobre a pertinencia dos títulos seleccionados inicialmente.



En Springer diminúen fortemente os títulos de nulo e baixo uso, e aumentan os de uso alto, máis non na medida que sería de esperar dunha boa selección.



En Wiley incrementábase de forma destacada a porcentaxe de títulos de uso alto, diminuíndo tamén moi claramente os de uso nulo e baixo. É o segundo paquete cun maior rendemento de uso absoluto.



Do total de 1.128 títulos que compoñen a C.I.I. a porcentaxe de títulos de uso alto supera a metade da colección fronte a unha porcentaxe próxima ao 20% de títulos de baixo ou nulo uso. Sen embargo resalta que, incluso contemplando o uso conxunto da C.I.I., 20 deses títulos non tiveran ningún uso en ningunha das universidades. Pensamos que en conxunto a C.I.I. amosa un nivel de pertinencia pouco elevado, desde logo menos do que cabería esperar dunha colección que se debería axustar máis ás necesidades dos investigadores. Se ben non debemos esquecer que estamos analizando datos de uso de só un ano.

## 5. Títulos con estadísticas de uso non incluídos na colección subscrita (C.C.) por Bugalicia 2005

Pareceunos interesante incluír neste estudo aqueles títulos non subscritos, usados polos investigadores do SUG a partir dun nivel medio de descargas, para ter en conta á hora de estudar novas contratacións.

Editor	Univ	Num Tít Non Contratados BUGalicia	Usados	Sen uso
Blackwell *	BUGalicia	165	97	68
Elsevier *	BUGalicia	404	68	336
Wiley *	BUGalicia	259	73	186

\* Os ficheiros Counter de Blackwell, Elsevier e Wiley aportan datos de máis títulos dos contratados por BUGalicia debido a que inclúen:

- Títulos anteriores de títulos en curso (cambios de título).
- Anos retrospectivos non contratados.
- Títulos contratados por departamentos, proxectos ou investigadores individuais.
- Títulos gratuítos ou complementarios.

### Relación de títulos cun uso medio ou alto:

Editor	Título	Issn	Total Descargas UDC	Total Descargas USC	Total Descargas UVI	Total Descargas
Blackwell	Teaching Statistics	0141-982X	3	16	0	19
Blackwell	Journal of the Royal Statistical Society: Series D (The Statistician)	0039-0526	5	8	3	16
Elsevier	Cell	0092-8674	13	101	16	130
Elsevier	Neuron	0896-6273	21	29	4	54
Elsevier	Current Biology	0960-9822	8	19	4	31
Elsevier	Molecular Cell	1097-2765	3	20	3	26
Elsevier	Cancer Cell	1535-6108	0	22	3	25
Elsevier	Cell Metabolism	1550-4131	0	16	0	16
Elsevier	Structure	0969-2126	0	11	1	12
Elsevier	EXPLORE: The Journal of Science and Healing	1550-8307	0	11	0	11
Wiley	Biotechnology and Bioengineering 1959-1995	0006-3592:1	129	0	0	129
Wiley	AIChE Journal 1955-1997	0001-1541:1	24	0	0	24
Wiley	Journal of Chemical Technology and Biotechnology 1994-1995	0268-2575:1	15	0	0	15

**Conclusións:**

Os dous títulos de Blackwell son títulos ós que non hai acceso, un porque non é editado por Blackwell senón por unha sociedade científica que xa non permite o acceso ("Teaching Statistics") e outro porque se fusionou con outro ("Journal of the Royal Statistical Society: Series D").

Os títulos de Elsevier son títulos gratuítos ("complementary") accesibles só a determinadas partes dos mesmos. A maior parte dos mesmos pertencen á colección de Cell Press, o que invita a reflexionar sobre a conveniencia da súa adquisición, sobre todo porque sabemos que moitos deles xa están subscritos polas universidades na súa versión impresa.



Os títulos de Wiley son títulos anteriores que posiblemente Wiley non incluíu nos listados de títulos accesibles aínda que probablemente tivésemos acceso pero non o podemos comprobar.


**ESTUDO INDIVIDUALIZADO DO USO DE CADA UNIVERSIDADE**

**1. Budc**


**Estudo do 100% da Colección Consorciada 2005 e da Colección Inicial Impresa (C.I.I.)**

Editor	Univ	2005					C.I.I.					% usados	
		Num Tít C.C.	Usados C.C.	%	Sen uso	%	Num Tít C.I.I.	Usados C.I.I.	%	Sen uso C.I.I.	%	2005 na C.I.I.	2005 non na C.I.I.
Acs	Budc	33	33	100,00	0	0,00	11	11	100,00	0	0,00	33,33	66,67
Blackwell	Budc	668	430	64,37	238	35,63	108	96	88,89	12	11,11	22,33	77,67
Elsevier	Budc	1.756	1.232	70,16	524	29,84	184	168	91,30	16	8,70	13,64	86,36
Kluwer	Budc	153	91	59,48	62	40,52	44	29	65,91	15	34,09	31,87	68,13
Springer	Budc	533	248	46,53	285	53,47	29	23	79,31	6	20,69	9,27	90,73
Wiley	Budc	404	279	69,06	125	30,94	42	37	88,10	5	11,90	13,26	86,74





**Ganancia consorcial**



**Conclusiones:**

Da táboa e gráficas anteriores despréndese que a ganancia consorcial contemplada dende a perspectiva individual da UDC reflicta unha ganancia de acceso en tódolos paquetes bastante superior á ganancia de conxunto de BUGalicia estudada no apartado anterior, ganancia que se reflicte no número de novos títulos usados e que van dende os 22 de ACS ata os 1.064 de Elsevier.


É unha ganancia moi notable que se sitúa por encima do 66% en tódalas plataformas, superando o 90% na de Springer. O máis sorprendente está na colección de Kluwer que

como xa sinalamos anteriormente está composta unicamente polos títulos impresos contratados inicialmente polas tres Bibliotecas Universitarias, e que amosa unha ganancia para a BUDC do 68% de títulos.


### Estudo do 80% da Colección Consorciada 2005 con respecto á Colección Inicial Impresa (C.I.I.)

Editor	Univ	Num Títos C.C. 2005	Total Descargas por Paquete	Num Títos no 80% das descargas	% dos títos no 80% das descargas	Valor do 80% das descargas	Num Títos da C.I.I.	Num Títos do 80% na C.I.I.	Num Títos do 80% non na C.I.I.
Acs *	Budc	33	6.166	12	36,36	4.933	11	9	3
Blackwell	Budc	668	5.069	104	15,57	4.055	108	28	76
Elsevier	Budc	1.756	39.316	278	15,83	31.453	184	75	203
Kluwer	Budc	153	1.136	29	18,95	909	44	14	15
Springer	Budc	533	2.936	59	11,07	2.349	29	14	45
Wiley	Budc	404	5.225	62	15,35	4.180	42	18	44

\* O número de descargas de ACS tería que incrementarse ata 10.135 debido ás descargas de "ACS Journal Archives" que é un compendio dos títulos anteriores (retrospectivos ou cambios de título).




**Ganancia consorcial no 80% da colección**



**Conclusión:**

Loxicamente a ganancia consorcial de BUDC, considerando o núcleo da colección extraída do 80% das descargas, é menor que a obtida sobre o 100% do uso da colección, sen embargo segue sendo unha ganancia moi importante e pode dicirse que é moi elevada en todas as plataformas (excepción da Acs).



Na gráfica anterior móstrase como máis do 70% dos títulos que aportan o 80% das descargas realizadas no conxunto dos paquetes analizados aquí non pertencían á C.I.I.



## Títulos con estadísticas de uso non incluídos na colección subscrita por Bugalicia 2005

Editor	Univ	Num Tít Non Contratados BUGalicia	Usados	Sen uso
Blackwell *	Budc	159	32	127
Elsevier *	Budc	393	20	373
Wiley *	Budc	259	41	218

\* Os ficheiros Counter de Blackwell, Elsevier e Wiley inclúen máis títulos dos contratados por BUGalicia xa que se inclúen:

- Títulos anteriores de títulos en curso (cambios de título)
- Títulos contratados por departamentos, proxectos ou investigadores individuais
- Títulos gratuítos

## Relación de títulos cun uso medio ou alto:

Editor	Título	Issn	Total Descargas UDC
Elsevier	Neuron	0896-6273	21
Elsevier	Cell	0092-8674	13
Wiley	Biotechnology and Bioengineering 1959-1995	0006-3592:1	129
Wiley	AIChE Journal 1955-1997	0001-1541:1	24
Wiley	Journal of Chemical Technology and Biotechnology 1994-1995	0268-2575:1	15

## Conclusións:


Os títulos de Elsevier son títulos gratuítos ("complementary") accesibles só a determinadas partes dos mesmos. Ambos pertencen á colección de Cell Press.



Os títulos de Wiley son títulos retrospectivos de títulos contratados por BUGalicia.

2. Busc


Estudo do 100% da Colección Consorciada 2005 con respecto á Colección Inicial Impresa (C.I.I.)

Editor	Univ	C.C. 2005					C.I.I.					% usados 2005 na C.I.I.	% usados 2005 non na C.I.I.
		Num Tits	Usados	%	Sen uso	%	Num Tits	Usados	%	Sen uso	%		
Acs	Busc	33	33	100,00	0	0,00	24	24	100,00	0	0,00	72,73	27,27
Blackwell	Busc	668	571	85,48	97	14,52	150	144	96,00	6	4,00	25,22	74,78
Elsevier	Busc	1.756	1.496	85,19	260	14,81	345	340	98,55	5	1,45	22,73	77,27
Kluwer	Busc	153	130	84,97	23	15,03	101	92	91,09	9	8,91	70,77	29,23
Springer	Busc	533	366	68,67	167	31,33	80	77	96,25	3	3,75	21,04	78,96
Wiley	Busc	404	319	78,96	85	21,04	71	71	100,00	0	0,00	22,26	77,74





**Ganancia consorcial**



**Conclusións:**

Os datos da táboa e gráficas superiores amosan unha moi importante ganancia consorcial dende a perspectiva individual da USC, cun elevado incremento, e nunha porcentaxe moi semellante nas catro grandes plataformas (Blackwell, Elsevier, Springer e Wiley). Esta ganancia reflíctese no número de novos títulos usados que van dende os 9 de ACS ata os 1.156 de Elsevier.


ACS presenta unha porcentaxe de ganancia menor (27%) explicable por ter un número de títulos moi inferior (33) ó resto das plataformas e por ter subscritos na C.I.I. unha porcentaxe en títulos moi superior ó subscrito nas grandes plataformas.

Kluwer aporta un incremento de acceso próximo ao 30%, a pesar de estar composto unicamente polos títulos impresos subscritos inicialmente polas tres Bibliotecas Universitarias.


### Estudo do 80% da Colección Consorciada 2005 con respecto á Colección Inicial Impresa (C.I.I.)

Editor	Univ	Num Títis C.C. 2005	Total Descargas por Paquete	Num Títis no 80% das descargas	% dos títis no 80% das descargas	Valor do 80% das descargas	Num Títis da C.I.I.	Num Títis do 80% na C.I.I.	Num Títis do 80% non na C.I.I.
Acs *	Busc	33	37.309	12	36,36	29.847	24	12	0
Blackwell	Busc	668	26.664	136	20,36	21.331	150	49	87
Elsevier	Busc	1.756	165.526	354	20,16	132.420	345	170	184
Kluwer	Busc	153	4.318	33	21,57	3.454	101	24	9
Springer	Busc	533	12.408	86	16,14	9.926	80	40	46
Wiley	Busc	404	24.281	75	18,56	19.424	71	36	39

\* O número de descargas de ACS tería que incrementarse ata 53.655 debido ás descargas de "ACS Journal Archives" que é un compendio dos títulos anteriores (retrospectivos ou cambios de título).




**Ganancia consorcial no 80% da colección**



**Conclusións:**

Loxicamente a ganancia consorcial de BUSC considerando o núcleo da colección extraída do 80% das descargas é bastante menor que a obtida sobre o 100% do uso da colección, sen embargo, segue a ser unha ganancia moi importante, superior ó 50% nas catro grandes plataformas, incluso o acceso cruzado de Kluwer presenta para a BUSC unha ganancia do 27%.

Comparada coas das outras dúas universidades a porcentaxe de ganancia consorcial da BUSC é a menor das tres universidades, explicable por ser a Biblioteca Universitaria que contaba cun maior número de subscricións impresas.



Nesta gráfica móstrase como máis do 50% dos títulos que aportan o 80% das descargas realizadas polos usuarios da BUSC, no conxunto dos paquetes analizados aquí, non pertencían á C.I.I.

## Títulos con estadísticas de uso non incluídos na colección subscrita por Bugalicia 2005

Editor	Univ	Num Tít Non Contratados BUGalicia	Usados	Sen uso
Blackwell *	Busc	165	76	89
Elsevier *	Busc	398	41	357
Wiley *	Busc	259	48	211

\* Os ficheiros Counter de Blackwell, Elsevier e Wiley inclúen máis títulos dos contratados por BUGalicia debido a que inclúen:

- Títulos anteriores de títulos en curso (cambios de título)
- Títulos contratados por departamentos, proxectos ou investigadores individuais
- Títulos gratuítos

### Relación de títulos cun uso medio ou alto:

Editor	Título	Issn	Total Descargas USC
Blackwell	Teaching Statistics	0141-982X	16
Elsevier	Cell	0092-8674	101
Elsevier	Neuron	0896-6273	29
Elsevier	Cancer Cell	1535-6108	22
Elsevier	Molecular Cell	1097-2765	20
Elsevier	Current Biology	0960-9822	19
Elsevier	Cell Metabolism	1550-4131	16
Elsevier	Structure	0969-2126	11
Elsevier	EXPLORE: The Journal of Science and Healing	1550-8307	11

### Conclusións:


Ao título de Blackwell non se ten acceso a través de BUGalicia porque a sociedade non permite a súa inclusión, ao retirarlle os dereitos que tiña cedidos a Blackwell.

Os títulos de Elsevier son títulos gratuítos ("complementary") accesibles só a determinadas partes dos mesmos. Salvo "EXPLORE: The Journal of Science and Healing" todos os títulos pertencen á colección de Cell Press.



3. Buvi

Estudo do 100% da Colección Consorciada 2005 con respecto á Colección Inicial Impresa (C.I.I.)


Editor	Univ	C.C. 2005					C.I.I.					% usados 2005 na C.I.I.	% usados 2005 non na C.I.I.
		Num Tits	Usados	%	Sen uso	%	Num Tits	Usados	%	Sen uso	%		
Acs	Buvi	33	33	100,00	0	0,00	13	13	100,00	0	0,00	39,39	60,61
Blackwell	Buvi	668	418	62,57	250	37,43	67	56	83,58	11	16,42	13,40	86,60
Elsevier	Buvi	1.756	1.338	76,20	418	23,80	163	157	96,32	6	3,68	11,73	88,27
Kluwer	Buvi	153	104	67,97	49	32,03	44	34	77,27	10	22,73	32,69	67,31
Springer	Buvi	533	263	49,34	270	50,66	27	21	77,78	6	22,22	7,98	92,02
Wiley	Buvi	404	291	72,03	113	27,97	33	30	90,91	3	9,09	10,31	89,69







**Ganancia consorcial**



**Conclusiones:**


A ganancia consorcial contemplada dende a perspectiva da BUVI reflicte unha ganancia de acceso en todos os paquetes bastante superior á ganancia de conxunto de BUGalicia, expresada nun importante número de novos títulos usados, que van dende os 20 de ACS ata os 1.181 de Elsevier.

É unha ganancia moi notable que se sitúa por encima do 60% en tódalas plataformas, superando o 90% na de Springer. Ó igual que no caso da Budc sorprende a colección de Kluwer que como xa sinalamos anteriormente está composta unicamente polos títulos impresos contratados inicialmente polas tres Bibliotecas Universitarias, e que amosa unha ganancia do 67,3% de títulos.


**Estudo do 80% da Colección Consorciada 2005 con respecto á Colección Inicial Impresa (C.I.I.)**

Editor	Univ	Num Títis C.C. 2005	Total Descargas por Paquete	Num Títis no 80% das descargas	% dos títis no 80% das descargas	Valor do 80% das descargas	Num Títis da C.I.I.	Num Títis do 80% na C.I.I.	Num Títis do 80% non na C.I.I.
Acs *	Buvi	33	15.257	11	33,33	12.205	13	7	4
Blackwell	Buvi	668	8.817	78	11,68	7.053	67	13	65
Elsevier	Buvi	1.756	77.373	244	13,90	61.898	163	58	186
Kluwer	Buvi	153	2.164	27	17,65	1.731	44	9	18
Springer	Buvi	533	3.461	68	12,76	2.768	27	14	54
Wiley	Buvi	404	8.919	70	17,33	7.135	33	12	58

\* O número de descargas de ACS tería que incrementarse ata 24.923 debido ás descargas de "ACS Journal Archives" que é un compendio dos títulos anteriores (retrospectivos ou cambios de título).




**Ganancia consorcial no 80% da colección**



**Conclusións:**

Loxicamente a ganancia consorcial da BUVI considerando o núcleo da colección extraída do 80% das descargas é inferior á obtida sobre o 100% do uso da colección, sen embargo segue a ser unha ganancia moi elevada, a máis elevada das tres universidades, cunha ganancia, exceptuando o paquete da ACS, superior ao 66% en tódalas plataformas, (arredor do 83% nas plataformas de Blackwell e Wiley) incluída Kluwer a pesar de ser unicamente un acceso cruzado.



Nesta gráfica móstrase como un 77% dos títulos que aportan o 80% das descargas realizadas no conxunto dos paquetes analizados aquí, polos usuarios da BUVI, non pertencían á C.I.I.

## Títulos con estadísticas de uso non incluídos na colección subscrita por Bugalicia 2005

Editor	Univ	Num Tít Non Contratados BUGalicia	Usados	Sen uso
Blackwell *	Buvi	151	47	104
Elsevier *	Buvi	402	41	361
Wiley *	Buvi	259	40	219

\* Os ficheiros Counter de Blackwell, Elsevier e Wiley inclúen máis títulos dos contratados por BUGalicia xa que se inclúen:

- Títulos anteriores de títulos en curso (cambios de título)
- Títulos contratados por departamentos, proxectos ou investigadores individuais
- Títulos gratuítos

### Relación de títulos cun uso medio ou alto:

Editor	Título	Issn	Total Descargas UVI
Elsevier	Cell	0092-8674	16

### Conclusións:

O título de Elsevier é un título gratuíto ("complementary") accesible só a determinadas partes do mesmo. Pertence á colección de Cell Press.

## Anexo 6: DISTRIBUCIÓN POR ÁREAS DE COÑECEMENTO DAS REVISTAS ELECTRÓNICAS

### DISTRIBUCIÓN POR ÁREAS DE COÑECEMENTO ANEP

Números de títulos por editor:

Editor	Num Títis C.C. 2005
Acs	33
Blackwell	668
Elsevier	1.756
Kluwer	153
Nature	1
Science	1
Springer	533
Wiley	404

Nota: Estas cifras non coinciden coa suma total das táboas seguintes, debido a que un importante número de títulos son incluídos en varias áreas ANEP, por publicar información multidisciplinar.

#### ACS

ANEP	Num. Títis.
AGRICULTURA	1
BIOLOXÍA MOLECULAR, CELULAR E XENÉTICA	5
BIOLOXÍA VEXETAL, ANIMAL E ECOLOXÍA	1
CIENCIAS DA COMPUTACIÓN E TECNOLOXÍA INFORMÁTICA	1
CIENCIAS DA TERRA	4
ENXEÑARÍA CIVIL E ARQUITECTURA	1
ENXEÑARÍA ELÉCTRICA, ELECTRÓNICA E AUTOMÁTICA	1
ENXEÑARÍA MECÁNICA, NAVAL E AERONÁUTICA	1
FISIOLOXÍA E FARMACOLOXÍA	3
MEDICINA	1
QUÍMICA	20
TECNOLOXÍA QUÍMICA	4

#### Blackwell

ANEP	Num. Títis.
AGRICULTURA	16
BIOLOXÍA MOLECULAR, CELULAR E XENÉTICA	111
BIOLOXÍA VEXETAL, ANIMAL E ECOLOXÍA	123
CIENCIA E TECNOLOXÍA DOS ALIMENTOS	6
CIENCIAS DA COMPUTACIÓN E TECNOLOXÍA INFORMÁTICA	10
CIENCIAS DA TERRA	49

CONSORCIO DE BIBLIOTECAS UNIVERSITARIAS DE GALICIA

CIENCIAS SOCIAIS	172
DEREITO	24
ECONOMÍA	98
ENXEÑARÍA CIVIL E ARQUITECTURA	8
ENXEÑARÍA ELÉCTRICA, ELECTRÓNICA E AUTOMÁTICA	3
ENXEÑARÍA MECÁNICA, NAVAL E AERONÁUTICA	3
FILOLOXÍA E FILOSOFÍA	55
FÍSICA E CIENCIAS DO ESPAZO	4
FISIOLOXÍA E FARMACOLOXÍA	21
GANDEIRÍA E PESCA	24
HISTORIA E ARTE	26
MATEMÁTICAS	14
MEDICINA	213
PSICOLOXÍA E CIENCIAS DA EDUCACIÓN	57
QUÍMICA	1
TECNOLOXÍA QUÍMICA	1

**Elsevier**

ANEP	Num. Tít.
AGRICULTURA	29
BIOLOXÍA MOLECULAR, CELULAR E XENÉTICA	220
BIOLOXÍA VEXETAL, ANIMAL E ECOLOXÍA	191
CIENCIA E TECNOLOXÍA DOS ALIMENTOS	19
CIENCIA E TECNOLOXÍA DOS MATERIAIS	9
CIENCIAS DA COMPUTACIÓN E TECNOLOXÍA INFORMÁTICA	135
CIENCIAS DA TERRA	192
CIENCIAS SOCIAIS	152
DEREITO	14
ECONOMÍA	105
ENXEÑARÍA CIVIL E ARQUITECTURA	95
ENXEÑARÍA ELÉCTRICA, ELECTRÓNICA E AUTOMÁTICA	73
ENXEÑARÍA MECÁNICA, NAVAL E AERONÁUTICA	82
FILOLOXÍA E FILOSOFÍA	16
FÍSICA E CIENCIAS DO ESPAZO	81
FISIOLOXÍA E FARMACOLOXÍA	80
GANDEIRÍA E PESCA	22
HISTORIA E ARTE	3
MATEMÁTICAS	59
MEDICINA	565
MULTIDISCIPLINAR	1
PSICOLOXÍA E CIENCIAS DA EDUCACIÓN	62
QUÍMICA	85
TECNOLOXÍA ELECTRÓNICA E DAS COMUNICACIÓNS	21
TECNOLOXÍA QUÍMICA	36

**Kluwer**

ANEP	Num. Tít.
AGRICULTURA	4
BIOLOXÍA MOLECULAR, CELULAR E XENÉTICA	17
BIOLOXÍA VEXETAL, ANIMAL E ECOLOXÍA	16
CIENCIAS DA COMPUTACIÓN E TECNOLOXÍA INFORMÁTICA	20
CIENCIAS DA TERRA	15
CIENCIAS SOCIAIS	28
DEREITO	5
ECONOMÍA	16
ENXEÑARÍA CIVIL E ARQUITECTURA	9
ENXEÑARÍA ELÉCTRICA, ELECTRÓNICA E AUTOMÁTICA	12
ENXEÑARÍA MECÁNICA, NAVAL E AERONÁUTICA	10
FILOLOXÍA E FILOSOFÍA	23
FÍSICA E CIENCIAS DO ESPAZO	8
FISIOLOXÍA E FARMACOLOXÍA	3
GANDEIRÍA E PESCA	1
HISTORIA E ARTE	2
MATEMÁTICAS	24
MEDICINA	7
PSICOLOXÍA E CIENCIAS DA EDUCACIÓN	22
QUÍMICA	9
TECNOLOXÍA ELECTRÓNICA E DAS COMUNICACIÓNS	4
TECNOLOXÍA QUÍMICA	1

**Springer**

ANEP	Num. Tít.
AGRICULTURA	16
BIOLOXÍA MOLECULAR, CELULAR E XENÉTICA	87
BIOLOXÍA VEXETAL, ANIMAL E ECOLOXÍA	86
CIENCIA E TECNOLOXÍA DOS ALIMENTOS	4
CIENCIA E TECNOLOXÍA DOS MATERIAIS	3
CIENCIAS DA COMPUTACIÓN E TECNOLOXÍA INFORMÁTICA	55
CIENCIAS DA TERRA	67
CIENCIAS SOCIAIS	39
DEREITO	6
ECONOMÍA	22
ENXEÑARÍA CIVIL E ARQUITECTURA	34
ENXEÑARÍA ELÉCTRICA, ELECTRÓNICA E AUTOMÁTICA	21
ENXEÑARÍA MECÁNICA, NAVAL E AERONÁUTICA	26
FILOLOXÍA E FILOSOFÍA	2
FÍSICA E CIENCIAS DO ESPAZO	45
FISIOLOXÍA E FARMACOLOXÍA	22
GANDEIRÍA E PESCA	3



CONSORCIO DE BIBLIOTECAS UNIVERSITARIAS DE GALICIA

HISTORIA E ARTE	1
MATEMÁTICAS	68
MEDICINA	203
PSICOLOXÍA E CIENCIAS DA EDUCACIÓN	20
QUÍMICA	19
TECNOLOXÍA ELECTRÓNICA E DAS COMUNICACIÓNS	2
TECNOLOXÍA QUÍMICA	7

**Wiley**

ANEP	Num. Tít.
AGRICULTURA	5
BIOLOXÍA MOLECULAR, CELULAR E XENÉTICA	68
BIOLOXÍA VEXETAL, ANIMAL E ECOLOXÍA	63
CIENCIA E TECNOLOXÍA DOS ALIMENTOS	5
CIENCIA E TECNOLOXÍA DOS MATERIAIS	4
CIENCIAS DA COMPUTACIÓN E TECNOLOXÍA INFORMÁTICA	21
CIENCIAS DA TERRA	41
CIENCIAS SOCIAIS	70
DEREITO	12
ECONOMÍA	40
ENXEÑARÍA CIVIL E ARQUITECTURA	26
ENXEÑARÍA ELÉCTRICA, ELECTRÓNICA E AUTOMÁTICA	25
